

memoria das paredes

exposición do 23 de abril ao 30 de xuño de 2007

Os carteis de Depósito Legal
na Biblioteca Pública da Coruña
Miguel González Garcés

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación e
Difusión Cultural

Biblioteca Pública da Coruña
Miguel González Garcés



OS CARTEIS DE DEPÓSITO LEGAL NA BIBLIOTECA PÚBLICA DA CORUÑA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS

Con "Memoria das paredes" a Consellaría de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, quere dar a coñecer os carteis conservados no fondo da Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés grazas á normativa do Depósito Legal, un fondo gráfico que as bibliotecas xestionadas pola Xunta de Galicia conservan desde 1958. O D. Legal constitúe un recurso bibliotecario de primeira orde; no caso da Biblioteca M.G.G. supón o depósito dun exemplar dos materiais impresos de todo tipo realizados na provincia da Coruña. O seu obxectivo é a conservación do noso patrimonio documental, aínda que, para acadalo, é necesario o cumprimento de todos os axentes implicados. Os impresores deben facer efectivo o depósito dos exemplares que determina a lei, e as bibliotecas depositarias deben conservalos, organizalos e difundilos.

A difusión é o que persegue "Memoria das paredes", unha ampla mostra de carteis impresos na provincia da Coruña desde 1958 ata a actualidade. Unha etapa moi ampla na que sucederán procesos históricos importantes, que quedarán reflectidos nos carteis, ademais doutras moitas actividades. Os acontecementos e obxectos anunciados céntranse fundamentalmente na provincia, ben que moitas imprentas, como a Roel, serán requiridas en toda Galicia para anunciar os eventos máis importantes. Diseñadores gráficos, ilustradores, fotógrafos, artistas plásticos... son os autores; e entre eles, Luís Seoane e Rafael Barros, que xa contribuíran coas súas sinaturas ao desenvolvemento do cartel galego no primeiro terzo do século XX.

Festas. Desde os primeiros anos do século XX as festas das grandes cidades galegas terán no cartel un instrumento divulgativo fundamental. Esta tendencia continuará e así o reflicte o fondo de carteis da Biblioteca, onde cada cidade, vila ou parroquia, disporán do seu cartel de festas - festas patronais, de verán, do Entroido, de interese turístico, gastronómicas..., sendo ademais unha das temáticas onde encontramos os carteis de máis beleza e as sinaturas dos artistas plásticos e deseñadores gráficos máis relevantes.



Abelenda, Alfonso (1931-).

Espectáculos. Teatro, cine, música, touros, son outros dos temas habituais nos carteis. Mención especial merece o cartel de teatro, onde desde finais dos sesenta se anunciarán os grupos e festivais que xorden nun momento de intensa afirmación da cultura galega. Tamén os espectáculos musicais estarán ben representados: a danza, a música das bandas populares, o jazz, a ópera, os recitais e festivais de música folk ou rock... Os carteis de cine, á espera dunha industria audiovisual propia, fálannos das mostras que, en Ourense, A Coruña ou Lugo, promoverán as asociacións galegas de cine-clubs.



Uqui-Cebra.

anunciarán os grupos e festivais que xorden nun momento de intensa afirmación da cultura galega. Tamén os espectáculos musicais estarán ben representados: a danza, a música das bandas populares, o jazz, a ópera, os recitais e festivais de música folk ou rock... Os carteis de cine, á espera dunha industria audiovisual propia, fálannos das mostras que, en Ourense, A Coruña ou Lugo, promoverán as asociacións galegas de cine-clubs.

Deportes. O auxe de premios como o Teresa Herrera da Coruña e os triunfos acadados polo Deportivo e o Liceo de Hóckey deberían ter contribuído ao desenvolvemento desta temática, porén os exemplos que chegaron á biblioteca son pouco notables. Moitos deportes quedarán reflectidos no fondo: boxeo, loita libre, baloncesto, tenis, atletismo, carreiras populares ou ciclismo; tamén os deportes náuticos, moi numerosos (Bandeira de Traiñas, Regata Cutty Sark...). Os carteis consignan, ademais, outros acontecementos relacionados co mundo do deporte, como a inauguración do Pazo dos Deportes da Coruña en 1970.



Anónimo.

Relixiosidade. Novenas, exercicios espirituais ou congresos eucarísticos son temas frecuentes nos primeiros anos, como correspondía ao réxime confesional da época; desta temática é o primeiro cartel que chega á Biblioteca, "Solemne novena a Nuestra Señora del Rosario, patrona de La Coruña", impreso en 1958 por El Ideal Gallego. Mais o cartel relixioso pronto perde protagonismo e só o tema xacobeo o mantén ata a actualidade, aínda que cun carácter menos relixioso que profano.



Anónimo.

temática é o primeiro cartel que chega á Biblioteca, "Solemne novena a Nuestra Señora del Rosario, patrona de La Coruña", impreso en 1958 por El Ideal Gallego. Mais o cartel relixioso pronto perde protagonismo e só o tema xacobeo o mantén ata a actualidade, aínda que cun carácter menos relixioso que profano.

Publicidade e campañas promocionais. Non existen no fondo moitos carteis de publicidade estritamente comercial aínda que desde os primeiros anos algunhas empresas (Fenosa, Feiraco...) se afanan en anunciar os seus produtos. Son abundantes os exemplos de publicidade de orquestras e bandas de música (Los Satélites, Los Tamara) así como de discos de música popular e folk galega (Xoán Rubia, Milladoiro...) que desde finais dos setenta promoven discográficas como Ruada. Tamén numerosas institucións así como entidades privadas de todo tipo utilizarán este medio para as súas campañas promocionais.



Re-visión. (Barro Salgado Santana)

Política e sindicalismo. O cartel político desenvolverase en Galicia en 1936, cando a votación do Estatuto requiriu a propaganda correspondente e artistas como Castelao, Díaz Baliño ou Luís Seoane, participan na elaboración de carteis. Este xénero cartelístico desaparecerá co réxime que se instaura tras a Guerra Civil e non volverá aparecer ata os anos previos á democracia. Rexurdirá con forza cando esta se instale de maneira definitiva, estando moi presente nos importantes procesos políticos das décadas setenta e oitenta.



Seoane, Luis (1910-1979).

como Castelao, Díaz Baliño ou Luís Seoane, participan na elaboración de carteis. Este xénero cartelístico desaparecerá co réxime que se instaura tras a Guerra Civil e non volverá aparecer ata os anos previos á democracia. Rexurdirá con forza cando esta se instale de maneira definitiva, estando moi presente nos importantes procesos políticos das décadas setenta e oitenta.

Congresos, cursos e certames. O cartel é tamén o medio habitual para as convocatorias de encontros científicos ou culturais; son abundantes os que, con motivo do Día das Letras Galegas, edita a Xunta anunciando o congreso do autor homenaxeado. Moi sinxelos resultan os que anuncian cursos ou conferencias, que cumpren só unha función informativa; así ocorre cos editados en 1967 pola A.C. O Facho, onde se anuncian clases de lingua galega. No ámbito dos certames hai mostras interesantes: o "Concurso de Embellecemento de Pueblos", que imprime a Roel nos primeiros anos, ou o "Premio de Poesía Lorenzo Varela".



Blanco Casal.

O cartel é tamén o medio habitual para as convocatorias de encontros científicos ou culturais; son abundantes os que, con motivo do Día das Letras Galegas, edita a Xunta anunciando o congreso do autor homenaxeado. Moi sinxelos resultan os que anuncian cursos ou conferencias, que cumpren só unha función informativa; así ocorre cos editados en 1967 pola A.C. O Facho, onde se anuncian clases de lingua galega. No ámbito dos certames hai mostras interesantes: o "Concurso de Embellecemento de Pueblos", que imprime a Roel nos primeiros anos, ou o "Premio de Poesía Lorenzo Varela".

Feiras e exposicións. Desde os primeiros anos do fondo as feiras do libro serán un tema preferido e coidado no cartel; de 1968 é o cartel de R. Barros para a "Exposición cervantina y II Feria del Libro", que organiza o Concello da Coruña, en colaboración co antigo INLE. Os carteis anuncian, ademais, outras feiras: de artesanía (Buño, Camariñas...), agrícolas (Silleda...), do moble (A Estrada...), de Mostras (Ferrol...)... En canto ás exposicións, hai un numeroso fondo sobre as celebradas no marco do complexo Sargadelos así como nos distintos museos galegos.



Barros, Rafael (1891-1968).

Barro Salgado Santana [Grupo Revisión Deseño]
Imprime: Alva Gráfica D.L. C-1291-2007



memoria das paredes
23 de abril ao 30 de xuño de 2007
Os carteis de Depósito Legal na
Biblioteca Pública da Coruña
Miguel González Garcés

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación e
Difusión Cultural